



Boletín Nº 274. Jueves, 27 de noviembre de 2008

[IV. ADMINISTRACIÓN LOCAL](#) [IV.2 MUNICIPAL](#) [BRIÓN](#)

EDICTO Pág. 14030 Reg. 08/14032-x.

[Anterior](#)[Siguiete](#)

Aprobación definitiva do expediente de modificación da Ordenanza fiscal número 17-T, reguladora da taxa por servizo de axuda no fogar e outras prestacións sociais

Ó non terse presentado durante o período de exposición ó público reclamacións contra o acordo plenario de data 20 de agosto de 2008, polo que se aprobou provisionalmente a modificación da ordenanza fiscal nº 17-T, reguladora da taxa por servizo de axuda no fogar e outras prestacións sociais, enténdese automaticamente elevado a definitivo o citado acordo, polo que en cumprimento do artigo 17 do Real Decreto Legislativo 2/2004, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, publícase o texto íntegro da modificación da ordenanza xa existente, que quedará redactada do seguinte xeito:

#### **ORDENANZA FISCAL Nº 17-T**

#### **REGULADORA DA TAXA POR SERVICIO DE AXUDA NO FOGAR E OUTRAS PRESTACIÓNS SOCIAIS**

##### **Artigo 1º. Fundamento e natureza.**

Ó amparo do previsto nos artigos 57 e 20, apartados 1, 2 e 4 do Real Decreto Legislativo 2/2004, polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora das facendas locais, e de conformidade co que dispoñen os artigos 15 a 19 do citado texto legal, este Concello establece a "taxa por servizo de axuda no fogar e outras prestacións sociais", que se rexerá pola presente ordenanza fiscal polo citado TRLRFL.

##### **Artigo 2º. Feito imponible.**

Constitúe o feito imponible da taxa a prestación do servizo público que presta axuda a nivel preventivo, educativo, asistencial e rehabilitador a individuos e familias no seu domicilio cando se atopen incapacitados, temporal ou permanentemente, por motivos de carácter psíquico, físico ou social, para realiza-las tarefas esenciais da vida diaria, manténdoo no fogar e integrándoo no seu entorno natural mellorando a súa calidade de vida, de acordo coa Lei galega de servizos sociais 4/1993, de 14 de abril e a Orden do 22 de xullo de 1996, pola que se regula o servizo de axuda ó fogar.

**Artigo 3º. Suxeito pasivo.**

Son suxeitos pasivos da taxa, en concepto de contribuíntes, as persoas físicas que soliciten ou resulten beneficiadas ou afectadas polos servizos que constitúen o feito imponible da taxa, salvo naqueles suxeitos que carezan de capacidade de obrar, en tal caso o serán aqueles que exerzan a patria potestade ou a tutela.

**Artigo 4º. Responsables.**

1. Responderán solidariamente das obrigas tributarias do suxeito pasivo tódalas persoas que sexan causantes ou colaboren na realización dunha infracción tributaria.

2. A responsabilidade esixirase en todo caso nos termos e consonte ó procedemento previsto na Lei xeral tributaria.

**Artigo 5º. Beneficios fiscais.**

As cotas tributarias do artigo 6º, redúcense pola aplicación das seguintes bonificacións ou reducións :

1. Tarifa 1, Por prestación do servizo de axuda no fogar, A regra xeral é que non se aplicarán exencións, bonificacións nin reducións para a determinación da débeda tributaria que os suxeitos pasivos deban satisfacer por este servizo. Así mesmo, no artigo 6º desta Ordenanza contéñense tarifas reducidas aplicables cando os suxeitos pasivos acrediten escasa capacidade económica.

2. Tarifa 2 , Por prestación do servizo de xantar a domicilio, os suxeitos pasivos deste servizo terán unha bonificación do 100% na tarifa durante o ano 2008. A partir do 1 de xaneiro de 2009 esta actividade non estará bonificada.

**Artigo 6º. Cota tributaria.**

1. A contía da taxa determinarase aplicando as tarifas seguintes:

**Tarifa 1: Por prestación do servizo de axuda no fogar:**

CANDO A UNIDADE FAMILIAR ESTA FORMADA POR 1 PERSONA			
Ingresos Familiares	% De aportación	Tarifa Ordinaria/hora	Tarifa Extraor./hora
Inferior ó 50% SMI	0 %	0,00 €/hora	0,00 €/hora
Do 51 ó 65 % do SMI	20 %	1,70 €/hora	2,10 €/hora
Do 66 ó 75 % do SMI	25 %	2,13 €/hora	2,63 €/hora
Do 76 ó 85 % do SMI	30 %	2,55 €/hora	3,15 €/hora

Do 86 ó 100 % do SMI	35 %	2,98 €/hora	3,68€/hora
Do 101 ó 125 % do SMI	50 %	4,25€/hora	5,25 €/hora
Do 126 ó 150 % do SMI	75 %	6,38 €/hora	7,88 €/hora
Superior ó 150 %	100 %	8,50 €/hora	10,50 €/hora

**CANDO A UNIDADE FAMILIAR ESTA FORMADA POR 2 PERSONAS**

<b>Ingresos Familiares</b>	<b>% De aportación</b>	<b>Tarifa Ordinaria/hora</b>	<b>Tarifa Extraor./hora</b>
Inferior ó 50% SMI	0 %	0,00 €/hora	0,00 €/hora
Do 51 ó 65 % do SMI	5 %	0,43 €/hora	0,53 €/hora
Do 66 ó 75 % do SMI	10 %	0,85 €/hora	1,05 €/hora
Do 76 ó 85 % do SMI	20 %	1,70 €/hora	2,10 €/hora
Do 86 ó 100 % do SMI	25 %	2,13 €/hora	2,63 €/hora
Do 101 ó 125 % do SMI	30 %	2,55 €/hora	3,15 €/hora
Do 126 ó 150 % do SMI	50 %	4,25 €/hora	5,25 €/hora
Do 151 ó 175 % do SMI	70 %	5,95 €/hora	7,35 €/hora
Do 176 ó 200% do SMI	85 %	7,23 €/hora	8,93 €/hora
Superior ó 200 % do SMI	100 %	8,50 €/hora	10,50 €/hora

**CANDO A UNIDADE FAMILIAR ESTA FORMADA POR 3 OU MÁIS PERSONAS**

<b>Ingresos Familiares</b>	<b>% De aportación</b>	<b>Tarifa Ordinaria/hora</b>	<b>Tarifa Extraor./hora</b>
Inferior ó 50% SMI	0 %	0,00 €/hora	0,00 €/hora
Do 51 ó 65 % do SMI	0 %	0,00 €/hora	0,00 €/hora
Do 66 ó 75 % do SMI	5 %	0,43 €/hora	0,53 €/hora
Do 76 ó 85 % do SMI	15 %	1,28€/hora	1,58 €/hora
Do 86 ó 100 % do SMI	20 %	1,70 €/hora	2,10 €/hora
Do 101 ó 125 % do SMI	25 %	2,13 €/hora	2,63€/hora
Do 126 ó 150 % do SMI	40 %	3,40 €/hora	4,20 €/hora
Do 151 ó 175 % do SMI	55 %	4,68 €/hora	5,78 €/hora
Do 176 ó 200% do SMI	75 %	6,38€/hora	7,88 €/hora
Do 200 ó 215 % do SMI	85 %	7,23€/hora	8,93 €/hora

SMI	00 %	1,25€/hora	0,75 €/hora
Superior ó 215 % do SMI	100 %	8,50 €/hora	10,50 €/hora

<b>CANDO O SOLICITANTE/BENEFICIARIO É UNHA PERSOA CON VALORACIÓN DE DEPENDENCIA</b>			
<b>Unha vez aplicados os criterios das táboas anteriores:</b>			
<b>Porcentaxe de aportación acadado</b>	<b>% Aportación a aplicar</b>	<b>Tarifa Ordinaria/hora</b>	<b>Tarifa Extraor./hora</b>
Igual ou superior ó 20%	20%	1'70 e/hora	2'10 e/hora
Inferior ó 20%	Porcentaxe acadado		

### **Tarifa 2: Por prestación do servizo de xantar a domicilio :**

	<b>Concepto</b>	<b>Tarifa</b>
2.1	Entrega semanal dunha comida precociñada a domicilio tódolos días (para cada día da semana)	1,82 €/menú/día

### **Artigo 7º. Normas de Xestión.**

#### **Tarifa 1. Por prestación do servizo de axuda no fogar:**

A) Para os efectos de pago de taxas pola utilización do Servizo Municipal de Axuda no Fogar, teranse en conta as rendas da unidade familiar de convivencia, así como as dos familiares non convivintes obrigados a prestar alimentos ou erdeiros (a consideración do cargo ou comisión avaliadora). Consideraranse os ingresos anuais divididos entre 12, e estes obteranse do ano impositivo inmediatamente anterior á data da solicitude.

Aplicarase a seguinte fórmula : RENDA BASE = ingresos da unidade de convivencia e/ou familia obrigada – gastos de alugueiro ou amortización de hipoteca para adquisición de 1ª vivenda.

B) Establécese como prezo inicial do servizo ós efectos de cobro de taxas, o de 8'50 euros/hora de luns a venres de 8:00 a 20:00 horas que se denominará taxa ordinaria, e de 10'50 euros/hora o resto dos días e horas que se denominará taxa extraordinaria, revisables anualmente.

#### **Tarifa 2. Por prestación do servizo de xantar a domicilio :**

A) Para os efectos concesión do do Servizo Municipal de Xantar a Domicilio, teranse en conta as rendas da unidade familiar de convivencia, así como as dos familiares non convivintes obrigados a prestar alimentos ou erdeiros (a consideración do cargo ou comisión avaliadora). Consideraranse os ingresos anuais divididos entre 12, e estes obteranse do ano impositivo inmediatamente anterior á data da solicitude.

inmediatamente anterior á data da solicitude.

Aplicarase a seguinte fórmula : RENDA BASE = ingresos da unidade de convivencia e/ou familia obrigada – gastos de alugueiro ou amortización de hipoteca para adquisición de 1ª vivenda

B) Establécese como prezo inicial do servizo ós efectos de cobro de taxas, o de 1,82 euros/menú/día, revisables anualmente ou por adaptación segundo convenio coa Vicepresidencia de Igualdade.

#### **Artigo 8º. Devengo e período impositivo.**

A taxa devengarase cando se inicie a prestación do servizo, por meses naturais.

#### **Artigo 9º. Réxime de declaración e ingreso.**

A taxa liquidarase por meses naturais, debéndose proceder ó seu ingreso nos primeiros 5 días naturais do mes , mediante domiciliación bancaria que será obrigatoria.

#### **Artigo 10º. Notificacións das taxas.**

A notificación da débeda tributaria realizarase ó suxeito pasivo, no momento en que se concede a prestación social solicitada.

#### **Artigo 11º. Infraccións e sancións.**

En todo o relativo á cualificación de infraccións tributarias, así como das sancións que ás mesmas correspondan en cada caso, estarase ó disposto nos artigos 181 e seguintes da Lei 58/2003 , de 17 de decembro , xeral tributaria.

#### **Diposición Adicional Única**

As modificacións que se introduzan na regulación do establecido nesta ordenanza pola Lei de orzamentos xerais do Estado ou por calquera outra lei ou disposición, e que resulten de aplicación directa, producirán, no seu caso, a correspondente modificación tácita da presente ordenanza fiscal.

#### **Disposición Derrogatoria única**

A partir da data de entrada en vigor da presente ordenanza fiscal quedará derogada a Ordenanza fiscal nº 17-T, reguladora da taxa por servizo de axuda no fogar e outras prestacións sociais, publicada definitivamente no BOP nº 225 de 29/09/2008.

#### **Disposición Derradeira**

A presente ordenanza fiscal foi aprobada polo Pleno do Concello do Brión en sesión celebrada o 20 de agosto de 2.008 ( modificación ) e entrará en vigor no día da súa publicación no Boletín Oficial da Provincia e de conformidade co artigo 107 da Lei 7/1985 , de 2 de abril, reguladora das bases de Réxime Local,.No caso de modificación parcial desta ordenanza fiscal os artigos non modificados continuarán vixentes, permanecendo en vigor ata a súa modificación ou derogación expresa.

Brión, 7 de novembro de 2008.

O ALCALDE,

Asdo. José Luis García García.

Reg. 08/14032-x